

XIII TORNEO INTERNACIONAL CONCELLO DE RIANXO FESTIVAL ABERTO DE XADREZ Rianxo, sábado 3 de setembro de 2022

Organiza: Club Xadrez Rianxo

Patrocina: Concello de Rianxo

Colabora: Xunta de Galicia, Deputación da Coruña, Supermercados Mercamas, Abanca, Congalsa, Conserva de Rianxo e Construcciones J.Rey

Local de xogo: Pavillón Polideportivo Municipal de Rianxo

Director del torneo: Néstor Martínez Dourado

Árbitro principal: IA Evaristo Rodríguez López (32081588)

CATEGORÍAS:

- **Torneo absoluto:** sen límite de idade. Este torneo será válido para elo FIDE de rápidas.
- **Torneo Circuito Galego de Promoción:** Categorias sub8, sub10, sub12 e sub14.

Os torneos serán valediros para:



SISTEMA E RITMO DE XOGO:

Suízo a 9 rondas (torneo absoluto) a un ritmo de 10 minutos + 5 segundos por xogada e 8 roldas (torneo de promoción) a un ritmo de 15 finish “ non se aplicarán as directrices III agás en casos excepcionais aceptados polo árbitro”. Seguiranse as normas da FIDE recollidas nas Leis do Xadrez e demais regulamentos, en particular o apéndice A xadrez rápido, **artigo A.4 partidas sen supervisión axeitada.**

Utilizarase o programa VEGA e os emparellamentos serán por sistema suízo acelerado baku, non se admitirán reclamacións.

Un resultado mal introducido ou unha rolda publicada non se modificará agás que o árbitro decida outra cousa.

CALENDARIO DE XOGO:

Presentación:	10:30 horas	Rolda 5:	16:00 horas
Rolda 1:	11:00 horas	Rolda 6:	16:45 horas
Rolda 2:	11:45 hora	Rolda 7:	17:30 horas
Rolda 3:	12:30 hora	Rolda 8:	18:15 horas
Rolda 4:	13:15 hora	Rolda 9:	19:00 horas

Entrega de premios: 19:45 horas, aproximadamente.

Tempo de espera: Ata caída de bandeira. Tódolos xogadores deberán estar na primeira rolda agás byes.

Orde de forza: segundo elo FIDE rápidas (para os que non teñen usarase o elo FIDE estándar), título e orde alfabética.

Byes: no Torneo Xeral poderanse solicitar hasta 3 byes de medio punto agás nas 2 últimas rondas. Os byes solicitaranse por escrito antes de primeira ronda e deberán ser confirmados pola organización, no correo escolaxadrezrianxo@gmail.com

Os byes solicitados posteriormente requirirán a aprobación da organización.

Desempates:	<u>Torneo de promoción</u>	<u>Torneo Internacional</u>
	Enfrontamento directo	Enfrontamento directo
	Buchholz brasileiro (-1)	Partidas xogadas
	Buchholz Total	Buchholz brasileiro (-1)
	Sonneborgn-Berger	Buchholz Total
	Progresivo sen cortes	APRO

Comité de apelación: estará formado polo director do torneo, o presidente do club e os árbitros do torneo.

INSCRICIÓNS:

Os xogadores deben ter a licencia federativa en vigor.

Faranse a través do correo escolaxadrezrianxo@gmail.com ou whatsapp 680193289 indicando nome, apelidos, data de nacemento e código FIDE.

Prazo: ata o xoves 1 de setembro. Resérvase o dereito a admitir inscricións posteriores.

Cota: 10 euros, a pagar no local de xogo antes da primeira ronda.

Están exentos do pago os xogadores titulados e socios do Club Xadrez Rianxo

A organización publicará o listado de inscritos definitivo o venres 2 de setembro en info64.org.

A organización resérvase o dereito de admisión.

Os participantes e os delegados de cada club autorizan á organización a difusión de información, a utilización de imaxes e nomes de equipos e xogadores nos medios de comunicación, publicidade e memorias da competición, sempre que non representen menoscabo da súa honra ou reputación, ou que sexa contraria ós seus intereses e sempre no marco legal que se fixa no Código Civil, na Lei de Axuizamento Civil e na LO 15/99, de 13 de Decembro, de Protección do Datos de Carácter Persoal.

A participación no torneo supón a aceptación destas bases.

A organización resérvase o dereito a modificar as bases co único requisito da súa publicación no facebook do Club.

TABOA DE PREMIOS

TORNEO ABSOLUTO

XERAL			SUB 2300			SUB 2000			SUB 1800		
POSTO	PREMIO		POSTO	PREMIO		POSTO	PREMIO		POSTO	PREMIO	
1º	600 €	Trofeo	1º	150 €	Trofeo	1º	100 €	Trofeo	1º	80 €	Trofeo
2º	400 €	Trofeo	2º	125 €		2º	80 €		2º	40 €	
3º	300 €	Trofeo	3º	100 €		3º	40 €		3º	20 €	
4º	200 €										
5º	150 €										
6º	100 €		1º VETERAN	30 €	Trofeo	1ª MULLER	30 €	Trofeo	1º LOCAL	30 €	Trofeo
7º	50 €										

TORNEO DE PROMOCIÓN (PARA CADA CATEGORÍA)

POSTO	PREMIO
1º	Trofeo
2º	Trofeo
3º	Trofeo
4º	Trofeo
5º	Trofeo

SORTEO DE REGALOS

Os premios en metálico non son acumulables, en caso de optar a varios concederáse o de máis valor, e a igual valor entregaránse polo orde que aparecen na táboa de premios.

Considéranse SUB os xogadores co seu elo igual ou menor ao número indicado para o tramo.

Considéranse LOCAL os xogadores que xogan co nome do Club Xadrez Rianxo.

Considéranse veteranos os maiores de 55 anos.

Para recoller os premios os xogadores teñen que aceptalo e recollelo persoalmente no acto público de entrega, ou mediante representante notificado expresamente á Organización.